

*Oído. 1. m. Sentido polo  
os sons. 2. m. Aptitude  
reproducir os temas e  
3. m. Anat. Cada un  
serven para a audición  
que se perciben os sons  
para percibir e reproducir  
melodías musicais.  
dos órganos que serven  
1. m. Sentido polo que  
2. m. Aptitude para percibir  
os temas e melodías musicais.  
Cada un dos órganos que serven*



# FESTIVAL DE MÚSICA CIDADE DE LUGO

2012 *XL Semana de  
Música do Corpus  
Do 26 de maio  
ao 8 de xuño*



*XL Semana de Música do Corpus  
Do 26 de maio ao 8 de xuño  
2012*

FESTIVAL DE  
MÚSICA  
CIDADE  
DE LUGO

- Círculo das Artes. 20:30 h. 26 de maio.  
**Forma Antiqua - Soledad Cardoso**
- 30 de maio.  
**Sergei Yerokhin**
- 1 de xuño.  
**Orquestra Sinfónica de Burgos**  
**Miriam Gómez-Morán**
- 
- CORPUS DOS NENOS
- Círculo das Artes. 12:00 h. 2 de xuño.  
**Orquestra de nenos da**  
**Orq. Sinfónica de Galicia**
- Auditorio Gustavo Freire.  
18:00 h. 2 de xuño.  
**Alumnos do Conservatorio de Danza /**  
**Ballet O Quebranoces**
- 
- Igrexa de San Pedro.  
20:30 h. 2 de xuño.  
**Grupo Vocal Sólo Voces**
- Círculo das Artes. 20:30 h. 4 de xuño.  
**La Bellemont**
- 6 de xuño.  
**Thomas Demenga & Patrick Demenga**  
**+ Soncello Ensemble**
- 8 de xuño.  
**Tercia Realidad & Julia Doley**

### **Organiza**

Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

### **Colabora**

Sociedad Filarmónica de Lugo

Conservatorio Profesional de danza de Lugo

Círculo de las Artes

### **Dirección Artística**

Sociedad Filarmónica de Lugo

### **Edición, diseño e maquetación**

Blades Comunicación

### **Traducións**

Marta Cuba Alonso

### **Imprime**

Unicopia



**Concello de Lugo**  
Concellería de Cultura, Turismo  
e Promoción da Lingua



Chegamos á XL edición do Festival de Música Cidade de Lugo. Son 40 anos dunha mostra consolidada como referente cultural na cidade e mesmo en toda Galiza.

Dende a concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua comenzamos unha nova andaina co desafío de manter o nivel de calidade acadado nos anos anteriores. Contamos coa colaboración, a partir de agora, dunha entidade lucense que ten amosado durante moitos anos rigor e bon saber facer no eido da música. Estou seguro que a contribución da Sociedade Filarmónica Lucense na organización do Festival de Música Cidade de Lugo será a mellor garantía para a continuidade e evolución deste encontro no que a música de calidade, tanto lucense como foránea, vai ter o seu lugar.

Quero agradecer especialmente a todas as persoas e entidades que, de xeito directo ou indirecto, contribuen a que este festival sexa posible. Aproveito tamén para convidar a todas as persoas que valoran e disfrutan da música a asistir aos diferentes concertos programados.

**Antón Bao Abelleira**

*Tenente-Alcade e Concelleiro de Cultura,*

*Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo.*



# FORMA ANTIQVA

SOLEDAD CARDOSO, soprano

AARÓN ZAPICO, director




# SOPRA SCARLATTI

Sábado, 26 de maio de 2012

Círculo das Artes. 20:30 h.





## SOPRA SCARLATTI

### ***Diferencias sobre el Pasacalle***

[Anónimo - Improvisacións]

### ***Soberano manjar***

Francisco Hernández Illana (ca.1700 - 1780)

[Ms. 19-17 Catedral Astorga]

### ***Diferencias sobre Folías***

[A partir de anónimos recompilados por Antonio Martín y Coll en 1706]

### ***No, non fuggire o Nice***

Domenico Scarlatti (1685 - 1757)

### ***Alienta humano desvelo***

Antonio Literes (1673 - 1747)

[Ms. 26.31-1 Catedral Salamanca]

### ***Diferencias sobre las Cumbés***

[A partir de Santiago de Murcia (ca. 1682 - ca. 1740)]

### ***Diferencias sobre la Española***

[A partir de anónimos recompilados por Antonio Martín y Coll en 1706]

### ***¿Quién podrá?***

José de Torres (ca. 1670 - 1738)

[Ms. 1.14 Mackworth Gales]

---

#### FORMA ANTIQVA

Soledad Cardoso, soprano


Ruth Verona, violón

Pablo Zapico, guitarra barroca

Daniel Zapico, tiorba

Aarón Zapico, clave e dirección





## FORMA ANTIQVA


Forma Antiqua converteuse, por méritos propios, na cabeza visible da última xeración de intérpretes de música antiga españois. Centrado nos irmáns Pablo, Daniel e Aarón Zapico, e baixo a dirección deste último, Forma Antiqua é un conxunto de música barroca de formación variable que reúne aos intérpretes máis brillantes da súa xeración, sendo o grupo elixido para representar aos festivais españois de música antiga no I REMA (Réseau Européen de Musique Ancienne) Showcase 2007.

Forma Antiqua é artista exclusivo da compañía discográfica alemá Winter & Winter dende maio de 2009 e conxunto residente do Auditorio - Pazo de Congresos "Príncipe Felipe" de Oviedo.

A súa fulgurante carreira inclúe concertos nos máis prestixiosos festivais e ciclos do país: Teatro Real de Madrid, Semana de Música Religiosa de Cuenca, Festival Internacional de Música e Danza de Granada, Quincena Musical de San Sebastián, L'Auditori de Barcelona, Auditorio de El Escorial, Pórtico de Zamora, Festival Internacional no Camiño de Santiago, Música e Patrimonio de la Fundación Caja Madrid, Pazo da Música de Valencia, Auditorio Nacional de Madrid..., logrando sempre o recoñecemento unánime de público e crítica.

Forma Antiqua inaugurou as Tempadas de Ópera 2010 - 2011 dos Teatros Campoamor de Oviedo e Arriaga de Bilbao con *L'Incoronazione di Poppea* de Claudio Monteverdi, baixo a dirección musical de Kenneth Weiss e escénica de Emilio Sagi, nunha versión vibrante, de enorme garra dramática e fidelidade estilística.

Así mesmo, a actividade internacional de Forma Antiqua está en constante e rápido aumento: en setembro de 2005, realizan a súa primeira xira, con nove concertos en Bolivia (Sta. Cruz, El Alto, Cochabamba e La Paz) e Brasil (Río de Xaneiro); en outubro e novembro de 2007 acoden a Singapur (concertos e clase maxistral no Yong Siew Toh Conservatory), Australia (III Melbourne Spring Early Music Festival) e Módena. En novembro de 2008, Atenas; en 2009



Amilly (Francia), Praga, Beijing, Shanghai, Tokío e Belgrado e en 2010, Bordeos (concertos e clase maxistral).

Ata hoxe, as súas gravacións comerciais en Arsis (*Bizarro!!*, *Insólito Estupor e Sopra Scarlatti*) e Winter & Winter (*Amore x Amore* e *Concerto Zapico*) recolleron o aplauso e diversos premios internacionais da crítica especializada (Supersonic de Pizzicato, Excepcional de Scherzo, Recomendado de CD Compact, Excelente de Ritmo, Prelude Classical Music Awards 2009, Premio Grupo do Ano 2010 da Televisión do Principado de Asturias, nomeados aos International Classical Music Awards 2010 ou o Premio ao mellor disco de música vocal barroca 2008 - 2009 de CD Compact) e é "Grupo Recomendado 2010/2011" da Asociación Española de Festivais de Música Clásica.




## AARÓN ZAPICO

Nacido en Asturias en 1978, Aarón Zapico é un dos músicos máis destacados no campo da interpretación histórica e a súa presenza como clavecinista ou director é constante nos festivais e salas máis importantes.

Artista exclusivo da compañía discográfica alemá Winter & Winter, as súas gravacións como solista ou director obtiveron o máximo recoñecemento da crítica europea.

Fundador en 1999 do conxunto de música barroca Forma Antiqua, ao que dedica a maior parte do seu tempo e atención, durante anos colaborou con conxuntos tan heteroxéneos como Accademia del Piacere, El Concierto Español, La Caravaggia, Camerata Iberia, Euskal Barrokensemble, Xacona, Orpheon Consort Wien, La Ritirata, La Real Cámara, as Orquestras Sinfónicas de Galicia e do Principado de Asturias e a Real Filharmonía de Galicia baixo a dirección de Frans Brüggen, Emilio Moreno, Pablo González ou Víctor Pablo Pérez.

Dirixiu estreas en tempos modernos de obras de Antonio Liteses e Jaime Casellas en festivais como o Pórtico de Zamora ou o Auditorio Nacional de Música, producións ao redor de Joseph Hector Fiocco na Semana de Música Religiosa



de Cuenca ou *Le Quattro Stagioni* de Antonio Vivaldi no Festival Internacional de Música e Danza de Granada. Dende 2011 é invitado regularmente a dirixir o Coro e a Orquestra Barrocos de Roquetas de Mar e os seus futuros compromisos inclúen estreas en tempos modernos de obras do Arquivo de Música da Catedral de Oviedo ou a ópera *Dido & Aeneas* de Henry Purcell nos Auditorios de Oviedo e Castellón.

De formación clásica e tras unha brillante titulación superior de piano no CSM de Oviedo, especialízase en clave e música antiga no Real Conservatorio de A Haia onde finaliza o seu diploma solista coa felicitación unánime do tribunal. Paralelamente recibe clases e consellos dos máis renomeados especialistas mundiais na interpretación histórica.


Foi profesor de Interpretación Histórica da Música Antiga no CSM de Oviedo, profesor de Clave e Continuo no CPM e CSM de Murcia e profesor colaborador dos cursos de música antiga de Aracena, Xixón, Universidade de Salamanca, Universidade de Estremadura ou Daroca. Así mesmo, impartiu clases maxistras na Universidade de Melbourne, o Yong Siew Toh Conservatory de Singapur, o Festival de Música Antiga de Xixón, Le Rocher de Palmer en Bordeos ou o Conservatorio Superior de Música do Principado de Asturias. Dende 2009 é o fundador e director artístico da Academia de Música Antiga da Fundación Municipal de Cultura de Xixón e dende 2011, director do Festival de Música Antiga desta mesma cidade.



## SOLEDAD CARDOSO

Nacida en Arxentina, tras obter diversos primeiros premios en concursos nacionais e internacionais trasladouse a España, onde foi discípula de Alfredo Kraus e Teresa Berganza na ESM Reina Sofía, recibindo de mans da Súa Maxestade a distinción de alumna máis destacada da cátedra.

No Teatro Real de Madrid participou nas óperas *Celos aínda do aire matan* de Hidalgo con Pizzi e Malgoire, *Manon*, *Don Carlo*, *O Pequeno Desenfeluxador*, *O Casamento* de Mussorgsky, *L'enfant et les sortilèges* e *As Vodas de Fígaro*, estas



últimas baixo a dirección de A. Ros Marbà. No marco do Festival Mozart da Coruña cantou *A Frauta Máxica*, *As Vodas de Fígaro*, *Exsultate, Jubilate*, *Requiem de Mozart*, *Orfeo ed Euridice* de Haydn, *Gli Amori d'Apollo e di Dafne* de Cavalli, *Orfeo* de Sartorio e *La Resurrezione* de Händel, dirixida por Víctor Pablo Pérez, J. López Cobos, A. Zedda e E. López Banzo.

Interpretou *As Vodas de Fígaro*, *A Raposa Astuta*, *A Frauta Máxica*, *L'elisir d'amore*, *Marina*, *O Retablo de Maese Pedro*, *A Corte de Faraón*, *L'italiana in Algeri* e *Peter Grimes* no Teatro da Maestranza de Sevilla, Villamarta de Xerez, Campoamor de Oviedo, Auditorio de Tenerife, Auditorio de Galicia, Pazo da Música de Valencia, Palau de Les Arts, etc., con directores como E. García Asensio, Víctor Pablo Pérez, Alain Lombard, Paul Goodwin e Josep Pons entre outros.

Foi seleccionada por William Christie para integrar *Le Jardin des Voix* e realizar unha xira con Les Arts Florissants por Caen, o Palais des Beaux Arts de Bruxelas, o Teatro Arriaga de Bilbao, o Centro Gulbenkian de Lisboa, o Barbican Center de Londres, die Alte Oper de Frankfurt, la Cité de la Musique de París e o Teatro da Zarzuela de Madrid. Tamén dirixida por Christie cantou *L'incoronazione di Poppea* na Ópera de Lyon.


Foi invitada por Gérard Lesne ao II Seminario Musicale para cantar *Il Martirio di Santa Cecilia* e *Venere, Amore e Ragione* de A. Scarlatti, *Oratorio della Passione* de Perti, *Confitebor tibi Domine* e *Dixit Dominus* de Galuppi, o *Il duello amoroso* de Handel no Festival de Ambronay, o Théâtre des Champs Elysées (París), a Ópera de Avignon, a Ópera de Bordeaux, o Festival da Chaise-Dieu, Royaumont, Le Volcan de Le Havre, a Ópera de Montpellier, o Festival de Noirlac, o Festival de Sablé sur Sarthe, Les Musicales du Luberon, a Ópera Nacional do Rhin, San Petersburgo, Utrecht, etc.

Participou na xira europea de *La Finta Giardiniera* de Anfossi e *La Passione* de Caldara xunto a Antonio Florio e La Cappella de Turchini, así como no *Die Schuldigkeit des Ersten Gebots* de Mozart con Martin Haselböck e a Wiener Akademie.

Xunto á formación Anima Eterna e o seu titular Jos van Immerseel, cantou *A Creación* de Haydn en Murcia, Salamanca, París, o Centro Cultural Belém de Lisboa e o Concertgebouw de Brugge, así como tamén a *Gran Misa en Si menor* de Bach en Amsterdam, Rotterdam, Utrecht, etc., coa Sociedade Bach de Holanda e o seu director Jos van Veldhoven.

Interpretou o *Gloria* de Poulenc, a *Gran Misa en Do menor* de Mozart e *Carmina Burana* en París, e os *Requiem*s de Fauré e Gounod en Clermont-Ferrand. Dirixida por Claudio Scimone cantou o *Gloria* de Vivaldi con I Solisti Veneti.

No ámbito español da música antiga colaborou con José Miguel Moreno (Orphénica Lyra), Emilio Moreno (El Concierto Español, La Real Cámara), Raúl



Mallavibarrena (Musica Ficta, Ensemble Fontegara), Fahmi Alqhai (Accademia del Piacere), Javier Illán e Pablo Gutiérrez (Sphera AntiQva), Luis Antonio González (Los Mvsicos de Sv Alteza), Aarón Zapico (Forma Antiqva) e Eduardo López Banzo (Al Ayre Español), con programas como o *Gloria* de Handel, *Stabat Mater* e *Arias Académicas* de Boccherini, *Stabat Mater* de Pergolesi, *Cantatas* de Bach, *La Senna Festeggiante* de Vivaldi, *La Lucrezia* de Handel, *Jephthe* de Carissimi, etc.

Participou na estrea mundial de *A Celestina* de Joaquim Nin-Culmell (Teatro da Zarzuela de Madrid; dirección de Miquel Ortega e Ignacio García) e na estrea absoluta en España da ópera *Tolomeo* de Handel no Teatro Arriaga de Bilbao.

Recentemente realizou unha xira por Xapón xunto á prestixiosa guitarrista Kaori Muraji cun programa dedicado á música española, presentándose no Musashino Civic Cultural Hall de Tokyo, o Sapporo Concert Hall Kitara, Symphonia Iwakuni e Philia Hall de Yokohama.


Gravou os *Catro Madrigais Amatorios* de Joaquín Rodrigo (Sony), *Xúpiter e Semele* de Antonio de Lites (Harmonia Mundi), *Iphigenia en Tracia* (Glossa) e *Amor aumenta o valor* (Alpha), ambas as dúas de José de Nebra, *Gli amori d'Apollo e di Dafne* de F. Cavalli (Naxos), e *Misión: Barroco Amazónico* (Columna Música).

## SOPRA SCARLATTI

A CANTATA DE CÁMARA ITALIANA DE DOMENICO SCARLATTI  
E A CANTADA ESPAÑOLA DO S. XVIII

O xénero vocal máis cultivado por Scarlatti é o da cantata de cámara, das que se conservan máis de medio centenar de pezas. As reducidas dimensións destas composicións para voz e un pequeno conxunto instrumental (violón, tiorba, archilaúd, guitarra, clave...), distribuídas nunha ou dúas arias precedidas dos seus correspondentes recitativos, permiten, non obstante, que o músico experimente as posibilidades dramáticas duns textos de temática profana que, pertencentes na súa maioría ao subxénero da *lettere amorose*, nos falan dos tormentos da experiencia amorosa: sentimentos non correspondidos, celos, desasosego, infelicidade, abandono e vinganza.

Scarlatti abandona aquí o exclusivo virtuosismo acrobático típico do momento para se inclinar por unha escritura expresiva pero mesurada. O luminoso lirismo melódico do napolitano brilla en páxinas como a aria "A te sol, Bella, dimando" da cantata *No, non fuggire o Nice*.



O conxunto de 3 cantadas que completan o programa, todas elas de recente estrea en tempos modernos, proveñen de manuscritos das Catedrais de Astorga e Salamanca e do popular "Manuscrito Mackworth" de Cardiff, Gales. Os compositores forman parte desa pléiade de mestres de capela españois dos séculos XVII e XVIII que urxentemente merecen ser recuperados a través de edicións, discos e concertos. Nesta ocasión que nos ocupa soarán obras de Antonio Literes (1673 - 1747), José de Torres (ca. 1670 - 1738) e Francisco Hernández Illana (ca. 1700 - 1780). **Forma Antiqua**, no seu compromiso coa recuperación e difusión do noso patrimonio musical, rescatou e editou unha delas: *Alenta humano desvelo* de Literes, na Catedral de Salamanca.

Textos cheos de forza, liñas vocais ben trazadas na súa parte melódica e rítmica e un acompañamento desenvolvido e que apoia de maneira eficiente a palabra, ademais dunha acertada liña de violón só nalgunha das cantadas, son as características predominantes nestas obras de clara influencia italiana pero que respiran españolidade por todos os poros. Todas elas escritas para soprano e acompañamento serán interpretadas por un orgánico variado e numeroso co fin último de representar todos os afectos da partitura: clave, tiorba, guitarra e violón na súa dobre faceta de solo e acompañamento.

Como introdución ás obras vocais inclúense unhas diferenzas ou variacións instrumentais sobre uns patróns rítmicos do gusto da época: Pasacalles, Folías, Cumbés e Españaletas deixarán paso á fantasía dos instrumentistas nestas vigorosas danzas.

SERGEI YEROKHIN

PIANO




AS SONATAS PARA PIANO

Mércres, 30 de maio de 2012

Círculo das Artes. 20:30 h.





L.v. Beethoven (1770-1827)

**Sonata nº 29 Si bemol Maior, op.106 "Hammerklavier"**

*Allegro*

*Scherzo: Assai vivace*

*Adagio sostenuto*

*Largo-Allegro risoluto*

---

F. Chopin (1810-1849)

**Sonata nº 2 si bemol menor, op.35**

*Grave-Doppio movimento*

*Scherzo. Presto ma non troppo*

*Marcha fúnebre*

*Finale: Presto*

S. Prokofiev (1891-1953)


**Sonata nº 7 Si bemol Maior, op. 83**

*Allegro inquieto*

*Andante caloroso*

*Precipitato*






## SERGEI YEROKHIN

Recoñecido como Pianista de gran categoría e un dos máis brillantes da súa xeración, Sergei Yerokhin actuou nas prestixiosas salas de concerto: Wigmore Hall de Londres, Herkulesal de Múnic, Teatro Colón de Bos Aires, Gran Sala Verdi de Milán, Gran Sala do Conservatorio de Moscova, Moscow International Performance Arts Center, Filharmónica de San Petersburgo, etc... así como nos principais auditorios, Sociedades Filharmónicas e Teatros en España: Teatro Real e Auditorio Nacional de Madrid, Pazo da Música de Barcelona, Pazo da Música de Valencia, Pazo de Festivais de Santander, Pazo Euskalduna de Bilbao, Sociedade Filharmónica de Bilbao, Teatro Victoria Eugenia de San Sebastián, Sociedade Filharmónica de Alacante, Teatro Campoamor de Oviedo, Sociedade Filharmónica de Oviedo, Auditorio Manuel de Falla de Granada, etc.

Como solista, Sergei Yerokhin traballou coas Orquestras Filharmónicas de Moscova, San Petersburgo, Minsk, Krasnoyarsk, Saratov, Irkutsk, Baku, Sinfónica de Bos Aires, Sinfónica de Porto Rico, Filharmónica de Bogotá, Filharmónica de Santo Domingo, Sinfónica de Panamá, Sinfónica Nacional da Radio e Televisión Polaca, Sinfónica Municipal de Caracas, Sinfónica de Sidney, Orquestra de Cámara de Sidney, Orquestra de Cámara "Brandenburgo", Orquestra de Cámara de Escocia... En España: Orquestra Sinfónica RTVE, Real Orquestra Sinfónica de Sevilla, Sinfónica de Valencia, Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias, Orquestra Filharmónica de Málaga, Sinfónica de Euskadi, Sinfónica de Bilbao, Sinfónica de Castela e León...

Colaborou con directores de orquestra entre os que destacan nomes como os de N. Alexeev, S. Bishop-Kovacevich, M. Błaszczyk, E. Colomer, S. Comisiona, A. Chesnokov, P. I. Calderon, J. Furst, E. García Asensio, A. Gulianitskiy, A. Joo, V. Jurowski, J. Kochnev, J. López Cobos, T. Mikkelsen, M. Pijarowskiy, V. Ponkin, A. Rahbari, C. Riazuelo, A. Ros Marba, I. Shpiller, V. Sinayskiy, V. Sutek, A. Vederenikov, A. Wit, V. Ziva...



Os seus recitais e actuacións como solista foron gravados e retransmitidos por Radios e Televisións de Rusia, Alemaña, Polonia, Francia, España, Australia, etc...

Nacido en Moscova en familia de músicos, Sergei Yerokhin despois das primeiras leccións do seu pai estuda na Escola Central de Música de Moscova con Vadim Sukhanov debutando aos 16 anos como solista coa Orquestra Filharmónica de Minsk, interpretando o Primeiro Concerto de Tchaikovsky e o Segundo de Rachmaninov. Continúa a súa formación no Conservatorio Tchaikovsky de Moscova baixo a dirección de Dimitri Bashkirov.

Sergei Yerokhin foi laureado en máis dunha quincena de Concursos Internacionais, entre eles: Sidney Piano Competición, Concurso de Piano de Santander, "Ferruccio Busoni" Piano Competición, "Tchaikovsky" Piano Competición, "Viotti" Piano Competición, "Alessandro Casagrande" Piano Competición, "Ettore Pozzoli" Piano Competición, "Vicenzo Bellini" Piano Competición, etc...



ORQUESTRA  
SINFÓNICA  
DE BURGOS

MIRIAM GÓMEZ-MORÁN, piano


JAVIER CASTRO, director



MOZART E BEETHOVEN

Venres, 1 de xuño de 2012

Círculo das Artes. 20:30 h.



W.A. Mozart (1756-1791)

***Sinfonía n.º 39 en Mi bemol maior, K. 543***

*Adagio - Allegro*

*Andante con moto*

*Minuetto: Trío*

*Finale: Allegro*


L.v. Beethoven (1770-1827)

***Concerto para piano e orquestra nº 3, en Do menor, Op. 37***

*Allegro con brio*

*Largo*

*Rondo (allegro)*




## ORQUESTRA SINFÓNICA DE BURGOS

A Orquestra Sinfónica de Burgos constituíuse en outubro de 2005 coa finalidade de promover e difundir a música sinfónica en todas as súas manifestacións, a través da celebración de concertos sinfónicos e de todas as actividades musicais que poidan contribuír á mellor difusión e divulgación da música sinfónica en xeral, baixo o patrocinio do IMC (Instituto Municipal de Cultura) do Concello de Burgos.

A súa actividade fundamental consistiu na realización da tempada anual de concertos da Orquestra Sinfónica de Burgos no Teatro Principal. Na primeira tempada marcouse por obxectivo aglutinar un conxunto de músicos, maioritariamente burgaleses, para a interpretación das obras dos compositores de Clasicismo (Mozart, Haydn, Beethoven), e sen renunciar á máxima calidade musical dende o primeiro momento. Así mesmo nesta tempada contou coa colaboración de Santiago de la Riva como director invitado.

Dende a segunda tempada, curso 2006-2007, pretenderon consolidar o proxecto artístico, en canto que se reforzou o cadro de persoal da orquestra con novas incorporacións de profesores, permitindo abordar outros repertorios. A orquestra contou coa participación de extraordinarios solistas, como José Luis Estellés, Guillermo Salcedo, Zelko Haliti, Claudio Martínez Mehner, Javier Bonet, Dinorah Varsi, Elena Cheah ou Susana Yoko-Henkel, que permitiron á Orquestra adquirir a experiencia de traballar con solistas de primeirísimo nivel e abordar o repertorio concertístico e ademais coa presenza durante a tempada de directores invitados da altura de Philippe Bach, Eduardo Portal ou Lutz Köhler. Na pasada tempada 2009-2010, a orquestra e o seu director titular estrearon a obra *Tiento* do compositor Manuel Hidalgo, baseada nunha obra do gran compositor burgalés Antonio de Cabezón, o que coloca unha vez máis á agrupación en conexión coa música do noso tempo.




## JAVIER CASTRO VILLAMOR, DIRECTOR

Javier Castro Villamor nace en Burgos en 1974, onde comeza os seus estudos de solfexo e piano, e obtén o Grao Profesional de Piano baixo a dirección de Javier San Miguel. Posteriormente estuda piano con Serguei Yerokhin en Bilbao e contrapunto e fuga en Salamanca con Omar Abad, obtendo o Título Superior coas máximas cualificacións. Paralelamente toma parte nos cursos de dirección de orquestra de música contemporánea da Universidade de Alcalá de Henares impartidos por Arturo Tamayo e nos cursos de dirección coral ofrecidos polo Instituto Aragonés de Canto Coral. Na primavera de 2001 trasládase a Berlín, onde comeza os estudos superiores de dirección de orquestra na Universität der Künste co profesor Lutz Köhler, obtendo o Diploma Superior no verán de 2003.

En Alemaña dirixiu entre outras a Orquestra Filharmónica de Wernigerode e a Orquestra Sinfónica de Berlín. Realizou como director musical a produción da ópera *Prima la musica, poi le parole* de Salieri para o teatro "Unterm Dach" de Berlín, e foi o director asistente e correpetidor do Coro "Karl Forster" de Berlín, co que realizou o *Requiem* de Verdi, o *Requiem* de Brahms, a *misa en Fa menor* de Bruckner, *Carmina Burana* de Orff e a *Cantata Op. 31* de A. Webern, destacando a dirección dun concerto no marco do festival "Postdamer Schlössernacht" ante varios miles de espectadores.

En febreiro de 2003 é contratado como correpetidor e director asistente polo Stadttheater de Hildesheim, onde dirixiu funcións do musical *Xesucristo Superstar*, da opereta *Der Bettelstudent* e da ópera *Martha*. Acudiu frecuentemente como artista invitado ao festival "Cordes et pics" en Savoia (Francia). Dende o curso 2003-2004 imparte seminarios de dirección de orquestra, invitado polos Centros de Especialización de Profesorado de Burgos, Palencia e Ávila. No verán de 2004 trasládase a España para asumir a dirección artística do coro Ars Nova de Salamanca. En xuño de 2005 dirixe o "Concerto Monumental Salamanca Praza Maior 2005", gala lírica na que participaron simultaneamente oito coros de Salamanca, unha orquestra sinfónica e solistas interpretando coros e romanzas de Zarzuela. Foi invitado pola Orquestra da Comunidade de Madrid para dirixir no Auditorio Nacional. En xullo de 2007 dirixiu a Gala Lírica coa que se conmemorou o décimo aniversario da inauguración do teatro principal de Burgos. Tamén traballou coa Nova Orquestra Sinfónica de Castela e León. Dende o verán de 2005, Javier Castro é o director artístico da Orquestra Sinfónica de Burgos. Entre 2005 e 2007 foi director asistente da Nova Orquestra da Comunidade de Madrid, coa que debutou na sala sinfónica do Auditorio Nacional de Música e ofreceu no verán de 2007 varios concertos nunha xira por Francia. Dende 2006 é catedrático




do Conservatorio Superior de Música de Salamanca, onde é director artístico da Orquestra Sinfónica, profesor do obradoiro de música contemporánea e dirixiu como director musical as producións do obradoiro de ópera das óperas Don Paquale (2008) e A Somnámbula (2009).

## MIRIAM GÓMEZ-MORÁN, PIANO

Nacida en Madrid, Miriam Gómez-Morán comeza os seus estudos de piano aos 11 anos no Real Conservatorio Superior de Música da súa cidade natal, onde obtén o seu Título de Profesor Superior de Piano en 1994, tendo como profesores a Carmen Deleito, Manuel Carra e José Luis Turina. Durante este período adoita recibir consellos de Josep Colom. En 1992 trasládase a Budapest (Hungría), onde realiza un posgrao de catro anos na Liszt Ferenc Musik Akademie de Budapest baixo a dirección de Ferenc Rados. Outros profesores seus durante este tempo foron Károly Botvay e Kornél Zempléni. Entre 1998 e 2000 realiza estudos de clave e fortepiano na Musikhochschule de Freiburg (Alemaña) con Robert Hill e Michael Behringer, así como de piano con Tibor Szász. Así mesmo, recibe consellos do clavecinista Vital Julian Frey. Obtén os títulos de Musiklehrer (2000) e de Künstlerische Ausbildung (2002) na especialidade de Instrumentos Históricos de Teclado.

Galardoada en numerosos concursos nacionais e internacionais, Miriam Gómez-Morán mantén dende os doce anos unha crecente actividade concertística con actuacións en diversos países europeos e en Norteamérica. Ademais das súas aparicións como solista en recital y con orquestra, adoita realizar concertos como compoñente de grupos de cámara e de música contemporánea. Forma dúo habitual con Javier Bonet (trompa). É membro fundador do Trío "Auf dem Strom" e do Ensemble Dreisam.

O pasado mes de setembro de 2011 participou no Congreso Internacional Franz Liszt de Strasbourg ofrecendo un recital no Musée d'Art Moderne et Contemporain. O próximo mes de decembro farao no Museo Liszt de Budapest con motivo dos 200 anos do nacemento do compositor. Actuou no Auditorio Nacional de Madrid ofrecendo un recital dentro do ciclo "O Piano a través da súa Historia" e un recital no ciclo "Integral das Sonatas de Mozart" (2006). Participou na última edición do 60 Festival Internacional de Música e Danza de Granada (2011) interpretando un concerto monográfico sobre Liszt. No Pazo de Festivais de Santander participando no "Ciclo Chopin" (2010), no Pazo da Música de Valencia, no Teatro Calderón de Valladolid, no Teatro da Maestranza entre outros moitos.



Outras actuacións destacadas son en St. Cecilia's Hall de Edimburgo, St. Martin in the Fields Festival da "American Liszt Society", Festival "The Great Romantics", "Tavaszi Hangversenyek", "Edinburgh Festival Fringe"

Colaborou entre outras coa Orquestra Sinfónica de Madrid, The East Lothian Courier (Escocia), versión reducida da Sinfónica de Edimburgo, The East Lothian Players, The Ludus Baroque, interpretando o concerto nº 17 en Sol maior de Mozart, os concertos 3 e 4 en Si bemol maior e Re maior do mesmo compositor, o concerto nº 1 de Mendelssohn.

A súa produción discográfica apareceu nos selos VERSO e ARSIS, entre outros. Cabe destacar o CD *Liszt: Piano Works* (VRS 2014) e os gravados xunto a Javier Bonet: *Tableau Musical* (ARSIS 4191), *Sonatas para fortepiano e trompa natural* (ARSIS 4211) e *Romances pour le cor* (en preparación para ARSIS). Todos eles foron acollidos con grandes eloxios pola crítica. Tamén participou, xunto a outros cinco pianistas españois, no rexistro da Integral das Sonatas para piano de Mozart, promovido pola Universidade Autónoma de Madrid. Ademais, gravou en varias ocasións para radio e televisión en diversos países.

O pasado mes de decembro de 2011 gravou para o selo ARSIS o seu segundo traballo dedicado ao compositor húngaro titulado *La notte*.

É autora de varios artigos sobre música en revistas especializadas e é invitada a impartir clases maxistras con regularidade. Dende o ano 2000 é catedrática de Piano no Conservatorio Superior de Música de Salamanca.



# CORPUS DOS NENOS

## ORQUESTRA DE NENOS DA OSG

Jorge Montes e Enrique Iglesias, directores

Sábado, 2 de xuño de 2012

Círculo das Artes. 12:00 h.

## O QUEBRANOCES ALUMNOS DO CONSERVATORIO DE DANZA


Sábado, 2 de xuño de 2012

Auditorio Gustavo Freire. 18:00 h.



|                        |  |
|------------------------|--|
| Sibelius               | <b><i>Andante festivo</i></b>  |
| J.S.Bach               | <b><i>Suite Nr. 1 en Do M BWV 1066</i></b><br><i>Obertura</i><br><i>Courante</i>   |
| Sheila Nelson          | <b><i>Star Seeker Variations</i></b>   |
| Sheila Nelson          | <b><i>Sad Sunday</i></b>   |
| Sheila Nelson          | <b><i>Lazybones</i></b>  |
| Georg Böhm             | <b><i>Rigaudon</i></b>   |
| Georg Philipp Telemann | <b><i>Concerto para violín en Sol maior TWV 51:G8</i></b><br><i>Presto</i><br><i>Andante</i><br><i>Allegro</i>                             |
| Gustav Holst           | <b><i>Suite St. Paul para orquestra de corda</i></b><br><i>Jig</i><br><i>Ostinato</i><br><i>Intermezzo</i><br><i>Finale (The Dargason)</i> |

Sábado, 2 de xuño de 2012  
Círculo das Artes. 12:00 h



## ORQUESTRA DE NENOS DA SINFÓNICA DE GALICIA

Formada por 83 nenos e nenas de entre 6 e 15 anos, a Orquesta de Nenos da Sinfónica de Galicia (ONSG) achega os alicerces da formación grupal necesaria para a práctica da música en orquestra sinfónica. Baixo a dirección de Jorge Montes e Enrique Iglesias Precedo, a ONSG ofreceu o seu primeiro concerto público na Coruña en abril de 2011.

Na presente tempada de concertos, a agrupación musical infantil —dependente do proxecto educativo da OSG e da súa Orquestra de rapaces— volveuse presentar en concerto cun ambicioso programa con obras de grandes autores como Johann Sebastian Bach e Gustav Holst xunto con Georg Bohm e Sheila Nelson, que se incorporan así a un repertorio que xa inclúe música de Henry Purcell e Georg Friedrich Haendel.



## O QUEBRANOCES

Música: **P. I. Tchaikovsky**

Coreografía: **Beatriz Gamborino, Amparo Novas, Bárbara Piñeiro,  
Jesús Represas.**


Bailaríns: **Alumnos e alumnas de Grao Elemental do Conservatorio Profesional  
de Danza Lugo.**

Drosselmeier: **Jesús Quiroga**

Avó: **Paloma Lugilde**

Narración: **Antón Castro**

Sábado, 2 de xuño de 2012  
Auditorio Gustavo Freire. 18:00 h



## ALUMNOS DO CONSERVATORIO DE DANZA / BALLET O QUEBRANOCES

Drosslemeier, un fabricante de xoguetes e reloxo máxico atópase no seu obradoiro traballando cos seus axudantes: debe rachar o feitizo que converteu ao seu sobriño nun boneco quebranoces. A festa de Nadal en casa dos Stahlbaum sería a ocasión perfecta para que a nena Clara se namorase dese feo boneco quebranoces e así fixera que o seu sobriño cobrase vida de novo. Durante a festa, os nenos e nenas reciben agasallos, e Clara o seu boneco quebranoces. Enseguida quedou prendada del e cando sonan as doce badaladas, ao remate da festa, a maxia vai comezar. Clara viaxará a un mundo máxico que a levará a defender ao seu boneco quebranoces fronte aos ratos, ata que mata ao Rei Ratón. Entón, o quebranoces cobra vida e ambos viven unha aventura fantástica xunto aos copos de neve e os anxeliños, quenes os trasladarán a unha festa especial, con bailaríns españoles, chinos e árabes. Alí, no salón do Castelo do País dos Doces, son recibidos pola Fada de Azucre e o seu Príncipe. O Quebranoces e Clara bailan xuntos ata que remata a festa. O feitizo rómpese e Drosselmeier pode por fin volver a abrazar ao seu sobriño.

O Conservatorio de Danza de Lugo, presenta *O Quebranoces*, un dos ballets máis populares de Tchaikovsky, nunha versión especialmente dirixida ao público miúdo, interpretada por nenos e nenas, estudantes de danza do centro, e máis un narrador, que irá adentrando ao público na trama das distintas escenas. Deste xeito, o CDAN recupera a súa iniciativa narrativo-representativa que comezou ca estrea de *Pedro e o lobo* en xuño de 2010, obra na que tamén Antón Castro interpretaba ao avó-narrador.

Dende o comezo da súa andadura, aló polo 2003, o Conservatorio de Danza de Lugo compaxina a súa labor docente coa montaxe de espectáculos abertos ao público en xeral, empregando tódolos recursos técnicos de carácter profesional ao seu alcance. A súa presenza na cidade de Lugo vaise consolidando nestes anos, estando sempre presente na axenda cultural da cidade (San Froilán, Arde Lucus, Corpus, etc) e levando as súas montaxes tamén a outras cidades (Ribadavia, A Coruña, Santiago de Compostela, Vilalba..)





GRUPO VOCAL  
SÓLO VOCES

ESPERANZA IGLESIAS MÉNDEZ,  
soprano

AURELIO CHAO, piano


FERNANDO G. JÁCOME, director



Ó SON DOS ABRAZOS  
NACER, AMAR, MORRER

Sábado, 2 de xuño de 2012

Igrexa de San Pedro. 20:30 h.



## O SON DOS ABRAZOS

### **NACER**

*Chorstudien, nº 5*

*Solfeggio*

*Cantar de nenos*

*O magnum mysterium*

*Locus iste*

*Doce cancións Op. 33, nº 2 "Våren"*

Hermann Regner (1928 - 2008)

Arvo Pärt (1935 - )

Javier Busto (1949 - )

Morten Lauridsen (1943 - )

Anton Bruckner (1824 - 1896)

Edward Grieg (1843 - 1907)

### **AMAR**

*Ave maris stella*

*Quatre Motets sur des thèmes grégoriens, nº1 "Ubi caritas"*

*Pavana Op. 50*

*Les chansons es roses, nº 5 "Dirait-on"*

*Cantique de Jean Racine Op. 11*

*Ave maris stella*

Edward Grieg (1843 - 1907)

Maurice Durufle (1902 - 1986)

Gabriel Faure (1845 - 1924)

Morten Lauridsen (1943 - )

Gabriel Fauré (1845 - 1924)

Lajos Bardos (1899 - 1986)

### **MORRER**

*Ficando sos*

*Ave verum*

*Seis baladas galegas, nº 2 "Doce sono"*

*Lay a garland*

*O vos omnes*

*Drei geistliche Gesänge Op. 69, nº 3 "Abendlied"*

Julio Domínguez (1965 - )

Camille Saint-Saëns (1835 - 1921)


Xoán Montes (1840 - 1899)

Robert Lucas Pearsall (1795 - 1856)

Pau Casals (1876 - 1976)

Josef Gabriel Rheinberger (1839- 1901)






## GRUPO VOCAL SÓLO VOCES

O Grupo Vocal "Sólo Voces" fundouse en Lugo en 1992. Dende entón leva traballando diversos ámbitos do repertorio coral: a música popular (rock, folk, pop...) e a culta (gregoriano, música sacra e profana de autores consagrados, obras de compositores contemporáneos...), sempre con especial énfase nos autores galegos, e baixo a dirección de Fernando G. Jácome.

Ten editados catro CDs: *Cantares* (2000), con clásicos do rock e da música sudamericana, *Clásicos galegos, Vol. 1* (2000), coa Orquestra Municipal de Xove baixo a dirección de Xan Carballal, onde se recolle música de autores lucenses, *Nihil novum sub sole?* (2005) con música sacra do século XX, e *Dous séculos de música lucense* (2011) baixo o patrocinio de Excm. Deputación de Lugo.

Se ben sempre existiu a vocación de dar a coñecer a obra de músicos locais precisamente con *Clásicos galegos* comeza unha nova etapa intensificando esta labor de difusión, e en 2001 fan un concerto xunto coa Orquestra Municipal de Xove onde se representan varias obras de xuventude do lucense universal Xoán Montes. En 2004 unha sección de Sólo Voces constitúe a Capela lucense para recuperar obras do arquivo musical da catedral de Lugo. En 2007, no marco do festival Via Stellae, Sólo Voces ofrece varios concertos en Galiza con obras de lucenses como Pascual Veiga, Juan Montes, Bal y Gay, e músicos da catedral lucense. Este programa ofréceose en Lugo ó ano seguinte, na programación da Sociedade Filharmónica lucense. En 2011, xunto coa Orquestra Vigo 430 fan soar en Lugo o *Te Deum* de Montes. Tamén neste ano organizou -con grande éxito de público- unha semana adicada a Xoán Montes (*Xoán Montes, sóache?*) que consistiu nun ciclo de conferencias e concertos sobre a música de Montes, e unha exposición de partituras e obxectos deste autor.

O repertorio diverso de Sólo Voces e a mestura de humor, seriedade, poesía,... levounos a cantar nos ámbitos máis variados, tanto en Galiza coma fóra dela: Casa de Galiza en Madrid, Casa de Galiza en Lisboa, programación musical de Advento en Salzburgo, en Praga..., facendo a zarzuela *Bohemios* en Lugo, baixo



a dirección de Jorge Rubio. Tamén é salientable a súa colaboración co grupo de instrumentos antigos Orpheon consort, de Viena. Así mesmo ofreceron un concerto monográfico sobre Tomás Luis de Victoria en Ávila e Lugo, e participaron en festivais de música: IX Certame de Música Sacra de Ourense, XXVII e XXVIII Semana de música do Corpus lucense, VII Bienal de polifonía regional autóctona (Cangas de Onís), II e VI Ciclo de Música Sacra de São Pedro de Rates (Portugal), Temporada de Música Antiga no Douro en Lamego e Peso da Régua (Portugal). Tamén destaca a participación no II Festival de música de Compostela e os seus camiños VIA STELLAE (2007) e no Ciclo de música vocal de ESPAZOS SONOROS (2008) que o consolida como unha agrupación de peso no panorama musical galego.

## ESPERANZA IGLESIAS MÉNDEZ


É titulada en Historia e Ciencias da Música pola Universidade de Oviedo. Ten ademais os títulos de Profesor Superior de Piano (Oviedo), Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento (Santiago de Compostela), Pedagogía Musical, Harmonía, Composición e Instrumentación (Santiago de Compostela), e Canto (Lugo). Actualmente é Profesora de Educación Secundaria Obrigatoria e Bachelarato no IES “Río Miño” de Rábade.

Recibiu formación vocal do profesor cántabro D. José Antonio Campo Edesa, seguindo coa profesora Dna. Aránzazu García Escudero e finalizando estudos coa profesora Dna. Diana Somkhieva. Na actualidade continúa formación coa profesora Dna. Carmen Subrido.

Ofreceu varios concertos coa Asociación Lírica “Encantados”, baixo a dirección artística de Diana Somkhieva, e en colaboración co coro Cantar Delas interpretou a obra *Stabat Mater*, de Pergolesi, baixo a dirección de Xan Carballal. Canta no Grupo “Sólo Voces” dende setembro de 2010.

## AURELIO CHAO

Recibe as primeiras clases aos 6 anos, da súa nai, Remedios Chao. No conservatorio de Lugo comeza os seus estudos oficiais. Rematado o grao elemental, segue a súa formación entre Santiago e a Coruña cos mestres Angel Brage, Martín Millán, Natalia Lamas e Nicasio Gradaille, rematando a titulación superior coas máximas cualificacións. Remata, tamén coas máximas cualificacións, o título superior de música de cámara co mestre checo Dalibor Sebestiak e o título superior de Solfexo. Realiza cursos de técnica e interpretación con mestres como Cecilio Tiele, Angel González, Joaquín Achúcarro, Paúl Badura-Skoda, etc. Na actualidade é profesor titular na especialidade de piano no Conservatorio Profesional de Vilalba, no que ocupa o cargo de director desde 1988.



## O SON DOS ABRAZOS

Nacer, amar e morrer: tres actos fundamentais na existencia da persoa. Tres actos sobre os que a capacidade humana pouco poder de decisión chega a ter. Quen pode decidir cando nace? Quen decide a quen vai amar, ou por quen vai ser amado? Quen pode fuxir da morte? É por isto que son estes os temas que preferentemente aborda a literatura, á música coral, que bebe nas fontes literarias, tampouco lle son alleos, ó contrario.

Parafraseando o título da obra de Eduardo Galeano (*O libro dos abrazos*) comezamos un percorrido por estes temas. O *Chorstudien (Estudo Coral) nº 5* válenos para iniciar o periplo. Esta obra tenta aproveitar os recursos do coro non só a través da voz cantada, senón tamén falada e berrada. Nós imaxinamos este estudo como o nacemento da música coral, partindo dos ruídos que xorden de distintas voces en distintas tesituras, como se van organizando pouco a pouco ata formar un acorde final (un amoreado de notas, realmente). A seguinte peza, *Solfeggio*, aproveitámola para significar o nacemento das notas, e con *Cantar de nenos* (sobre un texto no que unha muller preñada fala co ser que leva dentro) o nacemento final das consonancias. A partir de aí, cantamos ó nacemento dun deus, dun templo, da natureza... No apartado dos "amores" cantamos ó amor divino e ó humano, o amor á nai, á deusa, e finalmente chegamos ó morrer: o morrer humano, o morrer dun deus, da amada, a dor da morte... Rematamos con *Abendlied (Canción da tarde)* que representa a morte do día, o ocaso que conduce á noite... para mañá nacer de novo.



## LA BELLEMONT

SARA RUÍZ, viola da gamba

RAFAEL MUÑOZ, tiorba

LAURA PUERTA, clave




## LA VOIX DE LA VIOLE

MARIN MARAIS

Luns, 4 de xuño de 2012

Círculo das Artes. 20:30 h.





***La voix de la viole***

**Marin Marais (1656-1728)**

*Prelude en harpégement*

*Caprice ou Sonate*

*Plainte*

*Rondeau*

*Folies d'Espagne*

*Chaconne pour le clavecin*

(Gaspar Le Roux ca.1660-ca.1720)


*Bourasque*

*Tombeau pour Mr. de Saint Colombe*

*Fantaisie en Rondeau*

(Mr. de Saint Colombe le fils j-?)

*Le labyrinthe*




## LA BELLEMONT

Tras varios anos colaborando profesionalmente con prestixiosos grupos de música antiga (Al Ayre Español, Camerata Iberia, Orquesta Barroca de Sevilla, Armonico Tributo Austria, Los músicos de su Alteza...), Sara Ruiz, Rafael Muñoz e Laura Puerto, crean o ensemble LA BELLEMONT coa intención de fundir nunha nova formación as súas pretensións de lograr un son de grupo completamente persoal producindo interpretacións baseadas nunha gran solvencia técnica e un grao máximo de implicación coa música que conseguisen conmover ao oínte. Con estas premisas afrontaron o seu primeiro proxecto discográfico *La voix de la viole*, ao redor da obra de Marin Marais, escollendo un coidado repertorio francés para viola da gamba e baixo continuo logrando un resultado baseado no pracer polo son *per se* e na retórica xestual. Conseguiéron así construír un acompañamento no que clave e tiorba logran xuntar timbres, ataques, velocidades de arpexo, impulsos e dinámicas, creando unha base estable pero elástica sobre a que a viola pon voz a un discurso retórico de gran riqueza e expresividade. O traballo final foi xenerosamente aclamado pola crítica internacional, conseguindo mesmo o galardón de "5 diapasóns" que concede a prestixiosa revista francesa Diapasón. Este galardón obtido entre outros intérpretes, por figuras da altura de Philippe Herreweghe, Nikolaus Harnoncourt, John Eliot Gardiner ou Jordi Savall, foi outorgado, ao longo da súa historia, só en dúas ocasións a unha gravación de obras de Marais. Esta é unha delas.

SARA RUÍZ,  
VIOLA DA GAMBA

Sara Ruiz nace en Madrid. Comeza os seus estudos de viola da gamba con Itziar Atutxa e con Pere Ros na súa cidade natal. Trasládase a Sevilla, e alí completa os estudos con Ventura Rico obtendo o Título Superior. Realiza un posgrao con Lorenz Duftschmid na Musikhochschule de Trossingen (Alemaña) finalizándoo coa máxima cualificación e entre 2004 e 2008 estuda con Vittorio Ghielmi en



Lugano (Suíza). Ademais, estuda música de cámara co laudista Rolf Lislevand. Paralelamente á súa formación realiza cursos de perfeccionamento con Jordi Savall e Philippe Pierlot.


Colabora con ensembles como ARMONICO TRIBUTO AUSTRIA, AL AYRE ESPAÑOL, ARMONIOSI CONCERTI, NEUE INNSBRUCKER HOFKAPELLE, CONSORT DE VIOLAS DA GAMBA DA UNIVERSIDADE DE SALAMANCA, POEMA HARMONICO ou SEGREIS DE LISBOA realizando concertos por Europa e América Latina.

Realizou gravacións discográficas para os selos Harmonia Mundi, Brilliant Classics, Verso, Classic Concert e Portugaler. En 2006 gaña o terceiro premio absoluto e o premio especial á mellor interpretación da música de C. F. Abel no concurso internacional de viola da gamba "Bach-Abel" celebrado en Köthen, Alemaña, cun xurado formado por prestixiosos gambistas da altura de Wieland Kuijken, Paolo Pandolfo e Marianne Müller, entre outros. Sara Ruiz toca unha viola da gamba orixinal de autor anónimo pertencente á escola de luthería austríaca de principios do século XVIII.

## RAFAEL MUÑOZ, Tiorba

Rafael Muñoz nace en Lugo. Completa os estudos superiores de Guitarra no Real Conservatorio Superior de Madrid. Estuda a especialidade de Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco no Conservatorio Superior de Sevilla con Juan Carlos Rivera, obtendo o Título Superior con Premio Extraordinario fin de carreira. Participa en cursos e clases maxistras cos laudistas Hopkinson Smith, Rolf Lislevand e Xavier Díaz-Latorre. Completa un ciclo de posgrao de tres anos con Rolf Lislevand no Instituto de Música Antiga da Musikhochschule de Trossingen (Alemaña). Actuou en España e noutros países europeos e suramericanos con diversos grupos de música antiga: LABERINTO ARMONICO, DAS BROT DER MUSIK, POEMA HARMONICO, ARMONIOSI CONCERTI, LOS MÚSICOS DE SU ALTEZA, SALZBURGER BACH CHOIR, SCALA ÇELEITE ou o CORO DE CÁMARA JUAN NAVARRO HISPALENSIS participando en festivais como "Los Siglos de Oro", "Festival de guitarra de La Habana", "Quincena musical de San Sebastián", "Festival Internacional de Granada", "Semana de la música antigua de Gijón" ou a "Muestra de música antigua de Olivares". Tamén colaborou con formacións orquestrais como a ORQUESTRA BARROCA DE SEVILLA ou a ORQUESTRA DE CÁMARA REINA SOFÍA baixo a dirección de Jordi Savall, Eduardo López Banzo, Josep Cabré e Alois Glassner. Participou en gravacións para os selos Glossa, Almaviva, Lindoro e Ars is e para RNE e RTVE. Foi profesor de Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco no Conservatorio Profesional de Salamanca entre 2006 e 2010.





## LAURA PUERTO, CLAVE

Laura Puerto nace en Tarragona. Comeza o estudo do clavicémbalo con Isabel Rocha no Conservatorio Superior de Música do Liceu de Barcelona. Continúa os estudos superiores no Real Conservatorio Superior de Madrid con Alberto Martínez Molina, finalizándoos coas máximas cualificacións e o Premio Fin de Carreira. Amplía a súa formación estudando música de cámara con Rolf Lislewand e participa en diversos cursos internacionais e clases maxistras con mestres como J.W. Jansen, C. Whiffen, Richard Egarr, entre outros. Foi clavecinista acompañante colaborando con prestixiosos músicos como Evelyn Tubb, Charles Brett, Ruth Holton, Jordi Savall, Montserrat Figueras, Manfredo Kramer, Pierre Hamon, David Mason e Pedro Gandía. Colabora con varias formacións orquestrais e de cámara dedicadas á música antiga, realizando gravacións para televisión, radio e CD. Realizou concertos en España, Italia, Francia, Portugal, Alemaña, Turquía, México e Venezuela. Foi profesora de clave e baixo continuo e clavecinista acompañante no Conservatorio Profesional de Música de Tarragona, o Conservatorio Profesional de Salamanca, o centro integrado “Federico Moreno Torroba” e a escola de música “Maese Pedro” de Madrid. Impartiu clases maxistras en España e Serbia. Actualmente desenvolve o seu labor pedagóxico no Conservatorio Profesional de Música do Escorial.


## LA VOIX DE LA VIOLE

“Non hai ningunha música neste mundo que a viola da gamba non poida aprehender e expresar, e polo tanto, nada que non fose creado para ela.”

Hubert le Blanc, *Defense de la basse de Viole*. París, 1740

O concerto de hoxe móstranos a voz da viola da gamba a través da música de Marin Marais. A música do concerto pertence pois ao exquisito repertorio para viola da gamba e baixo continuo na Francia do século XVIII, momento de máximo esplendor deste instrumento.

O Marin Marais rapaz comeza a tocar a viola aos catorce anos de idade, despois de abandonar o coro de nenos de Saint Germain-l’Auxerrois ao perder a súa voz de soprano. Marais refúxiase na *basse de viol* (termo francés para a viola da gamba), converténdoa na súa nova voz. En moi pouco tempo e tras recibir durante soamente seis meses as ensinanzas de Mr. de Saint Colombe, o mestre




de viola máis respectado de París, Marais entra a formar parte da corte musical de Luís XIV como *ordinaire de la Musique de la Chambre du Roi pour la Viole* en 1679, desempeñando este cargo ata 1725, tan só tres anos antes da súa morte. Neste tempo, Marais publica cinco libros de obras para a viola da gamba con máis de cincocentas pezas. Nas súas composicións, Marais recolle a herdanza dos seus antecesores, os cales xa exploraran as posibilidades vocais da viola, pero van un paso máis alá, afondando técnica e musicalmente ata dar á *basse de viole* unha dimensión transcendente como instrumento idóneo para imitar as inflexións da voz humana e expresar os sentimentos e paixóns da alma.

A chamada “teoría dos afectos”, que xurdiu en Italia a comezos do século XVII e se mantivo vixente durante todo o barroco e segundo a cal a música debía ser capaz de expresar mediante a súa linguaxe propia os sentimentos e as emocións humanas para conmover ao oínte, combinouse no estilo francés coa tradución das figuras retóricas da oratoria en xestos musicais equivalentes. Todo isto, fusionado co desenvolvemento das posibilidades idiomáticas da viola por parte de autores como Marin Marais, propiciou que a música para viola da gamba da Francia barroca alcanzase un discurso musical de grande expresividade e cun poder de evocación non igualado na historia da música. Esperamos en consecuencia que o oínte poida percibir cómo Marais utiliza estes recursos para describir musicalmente un amplo espectro de sentimentos e emocións humanas: alegría, tristeza, soños, rabia, euforia, morriña..., baseándose nos principios da retórica clásica e da teoría dos afectos e cómo desenvolven ata o límite os recursos técnicos e idiomáticos da viola para conseguir unhas altísimas cotas de expresividade e sutileza na descrición destes afectos.

A maioría das obras do programa son *Pièces de Caractère*, unha forma musical que comezou a empregarse en Francia a principios do século XVIII como contraposición á ríxida estrutura da Suite: fronte á alternancia de pezas de estrutura rítmica e harmónica establecida, empezáronse a escribir estas composicións independentes, de moi distinta duración e estrutura e coa principal característica de ser pezas “descritivas” que, cun carácter programático, podían retratar unha persoa, un obxecto, unha situación, o un estado de ánimo concreto.

Tras un *Prelude* para a viola sola que nos afonda no universo sonoro deste instrumento, o *Caprice ou Sonate* amosa un xogo musical entre a exuberancia, a elegancia e a delicadeza do estilo francés da súa primeira sección introdutoria e a forza e a paixón do estilo italiano da segunda sección rítmica e virtuosa.

Co *Plainte*, típica forma musical do repertorio gambístico cuxa tradución é “choro”, deixaremos de lado a doce languidez representada nesta forma musical para afondar nun *Rondeau* cargado de optimismo e enerxía.



As variacións ou *Couplets* sobre a Folía, tamén coñecidas como *Folies d'Espagne*, son unha mostra dunha práctica moi estendida na época; isto é, a escritura de variacións virtuosas para un instrumento baseadas nun tema popular ou unha danza. Marais escribe 32 variacións sobre o famoso baixo de folía e publícaaas só un ano despois de que Corelli publicara en Italia as súas famosas 26 variacións sobre a Folía para violín.

Henry d'Anglebert tamén traballou na Corte de Luís XIV e aínda que é seguro que puido acompañar en moitas ocasións a *Monsieur Marais*, realizou unha importante carreira como solista de clave. A *Chaconne* que hoxe escoitaremos comparte coas pezas para viola a sutileza, a expresividade e a depurada escritura idiomática. A amabilidade da chacona dará paso á *Bourasque* que nos mostrará a través da linguaxe da viola o estrondoso arrebatado dunha tormenta.

Co *Tombeau pour Mr. de Saint Colombe* Marais "pinta" un retrato do seu mestre tras a súa morte e alcanza un dos momentos cume no repertorio gambístico describindo os sentimentos xerados pola perda do pai espiritual: tristeza contida, soidade, rabia, exaltación das virtudes de Saint Colombe, e unha infinidade de distintas paixóns nunha belísima peza de gran contido simbólico e retórico. Como epílogo a esta magnífica peza escoitaremos unha transcripción para a tiorba dunha *Fantaisie* en Rondeau escrita orixinalmente para a viola por Mr. de Saint Colombe *le fils*, fillo do mestre destinatario do *Tombeau*.

A emblemática peza que pecha o concerto, *Le labyrinthe*, amósanos un auténtico percorrido musical polo labirinto de Versailles, o proceso psicolóxico entre a euforia e a angustia dun personaxe perdido nos seus corredores, pasando por unha gran variedade de estados de ánimo: o entusiasmo inicial, a dúbida, a desesperación, a esperanza e a alegría gozosa final representada a través do vivaz ritmo de chacona, danza que os cortesáns e o propio *Roi Soleil* bailaban despois de se recrear no famoso labirinto.

*La Bellemont*



THOMAS DEMENGA  
&  
PATRICK DEMENGA

SONCELLO ENSEMBLE

Thomas Demenga, violoncello

Patrick Demenga, violoncello


Soncello Ensemble

A VOZ DO VIOLONCELLO

Mércoles, 6 de xuño de 2012

Círculo das Artes. 20:30 h.





Jean-Baptiste Barrière (1707-1747)

**Sonata nº 10 en Sol Mayor**

*Andante*

*Adagio*

*Allegro Prestissimo*

Thomas Demenga

**«Duo? o, Du...»**

Samuel Barber (1910-1981)

**Adagio**

(Transcripción para 12 cellos)

---

Thomas Demenga

**Solo per due**

Niccolò Paganini (1782-1840)

**Variacións sobre “Moisés” de Rossini**

(Transcripción para 2 cellos de T. Demenga)

Astor Piazzolla (1921-1992)

**Oblivion**

(Para 12 cellos)

SONCELLO ENSEMBLE

Teresa Morales Diego

Isabel Figueroa Lorenzo

Dasiel Morales Forcade

Amaia Garrido San Juan

Saúl Nogareda Candal


Juan José Díez Seoane

Leire Barbadillo Echeverria

Rosalía Vázquez García

Ruslana Prokopenko

Carolina Landriscini Marín



THOMAS DEMENGA  
& PATRICK DEMENGA  
SONCELLO ENSEMBLE

THOMAS DEMENGA

Nacido en 1954 en Berna, solista, compositor e profesor de renome internacional, considérase o máis destacado chelista e músico do noso tempo. Actuou en todos os festivais importantes e centros musicais por todo o mundo e deu numerosos concertos con amigos músicos como Heinz Holliger, Gidon Kremer, Thomas Larcher, Hansheinz Schneeberger, Tabea Zimmermann e Paul Meyer.

Tocou como solista con orquestras destacadas como a Orquestra Sinfónica de Berlín, a Orquestra Sinfónica de Boston, a Orquestra de Suíza Romanda, ORF-Orquestra Sinfónica de Viena, Tonhalle-Orquestra de Zürich e a Orquestra de Cámara de Zürich.


Confrontación intensa con diferentes eras históricas e estilos de interpretación e composición, improvisación e Música Nova son aspectos importantes do seu traballo artístico. Desenvolveu una voz única como compositor e intérprete da música do século XX e XXI.

É docente na Universidade de Música de Basilea. "Artista estrela" no Festival de Lucerna no verán de 2003. Director artístico do Festival de Davos, "Artistas Novos en Concerto", dende agosto de 2001.

Impresionante documentación do seu traballo artístico nunha serie de CDs distribuídos por ECM New Series.

PATRICK DEMENGA

Nacido en 1962, Patrick Demenga, un dos celistas máis solicitados hoxe en día, estudou no Conservatorio de Berna e en 1983 recibiu o Premio Tschumi polo título de mellor solista. Seguiu os seus estudos con Boris Pergamenschikow en Colonia e Harvey Shapiro en Nova York. En 1983 ganou o Premio da Música Rhan, en 1984 o Premio da Vila de Chaux-de-Fonds, e en 1986 o Europäis-che Förderpreis de Música en Estrasburgo.



Cello solista con Stadtorchester Winterthur en 1984 e 1985, Patrick Demenga pasou posteriormente tres anos co Neuen Zürcher Quartett. Aos 25 anos foi invitado como profesor a dar unha clase solista e profesional no Conservatorio de Berna.

Patrick Demenga aparece regularmente nos festivais máis prestixioso e salas de concerto por toda Europa, Sudáfrica, os Estados Unidos, Canadá, Sudamérica, Australia e Asia. Adoita colaborar con artistas amigos, incluíndo Heinz Holliger, Mario Venzago, Dennis Russel Davies, Leif Segerstam, Jesús López Cobos, Howard Griffith, Christoph Poppen, Leonidas Kavakos, Alexander Lonquich, Isabelle Faust, Natalia Gutman e moitos outros. Demenga tamén apareceu con orquestras incluíndo a Orquestra Tonhalle de Zürich, a Orquestra Sinfónica de Basilea, RSO de Viena, Camerata de Berna, Orquestra de Cámara Münchner, Orquestra da Suíza Romanda, Orquestra de Cámara de Lausana, Kremerata Báltica, e Ensemble Modern. Asegurou a súa reputación internacional a través das súas numerosas gravacións na radio e na televisión, e os numerosos LPs e CDs gravados en Novalis, Accord Musidisc, ECM, e Sony Classical.

Demostrando o seu compromiso con grandes traballos e música contemporánea, estreou pezas de compositores como Isang Yun, Gerhard Schedl, Heinz Holliger e moitos outros. Demenga dá clase de concerto no conservatorio de Lausana e tamén diversas clases maxistras internacionais. Durante varios anos, dirixiu o festival de cello Viva Cello en Liestal (Basilea). É director artístico de Vier Jahreszeiten-Konzerte en Blumenstein preto de Berna, e do Musikfestwoche Meiringen. Demenga foi premiado co distinguido "Der Goldene Bogen" (Arco de ouro) en 2001.

## SONCELLO ENSEMBLE

O conxunto de violonchelos Soncello Ensemble é unha das principais marcas de identidade de Soncello, Asociación de Violonchelistas de Galicia. O conxunto nace en setembro de 2011 ao mesmo tempo que a Asociación e agrupa a instrumentistas de idades e traxectorias diversas, con perfís de profesionais e estudantes aínda que unidos por un nexo común, a súa paixón e dedicación ao violonchelo. Soncello Ensemble conta cun número variable de instrumentistas en función do repertorio escollido para cada ocasión. O conxunto fixo a súa presentación ante o público no marco da Xuntanza Soncello 2012 o pasado 25 de febreiro na Coruña e tamén se presentou en Ferrol.



# TERCIA REALIDAD

JULIA DOYLE, soprano

JORGE JIMÉNEZ, director




## MUSIK FOR MR. SHAKESPEARE PLAYS

Venres, 8 de xuño de 2012

Círculo das Artes. 20:30 h.





## MUSICK FOR MR. SHAKESPEARE 'S PLAYS

### I PARTE

---

#### W. Shakespeare

##### **"A Tempestade", 1610**

Suite Instrumental "The Tempest"

Matthew Locke (1621-1677)

##### **A Illa Encantada**

Introduction

M. Locke

"If Music be the Food of Love" Z. 379

H. Purcell

Galliard - Second Gavot - Saraband - Lilk

M. Locke

"Sweeter than Roses" Z. 585

H. Purcell

##### **A Tempestade**

Curtain Tune

M. Locke

"O Solitude, My Sweetest Choice!" Z. 406

H. Purcell

##### **A Liberación**

Minoit - Corant - Martial Gige

M. Locke

"O! Fair Cedaria" Z.402

H. Purcell

A Canon 4 in 2

M. Locke

### II PARTE

---

#### W. Shakespeare

##### **"Soño dunha Noite de Verán", 1594**

Suite instrumental e Arias de "The Fairy Queen"

Henry Purcell (1659-1695)

##### **Amor, Noite...**

Symphony while the swans...

If love's a sweet passion

Hornpipe

Rondeau

Mystery: "I am come"

##### **Maxia e Misterio**


Preludio Night

"See, Even Night Herself Is Here"

Hornpipe

The Plaint "O Let Me Ever, Ever Weep"

Chaconne. Dance for the Chinese Man and Woman



## Tercia Realidad

**Jorge Jiménez**, violín e dirección

**Julia Doyle**, soprano

**José Manuel Navarro**, violín

**Daniel Lorenzo**, viola

**Josetxu Obregón**, violonchelo

**Joy Smith**, arpas

**Silvia Márquez Chulilla**, clavicémbalo

**Marc Clós**, percusión histórica


Inspirado no termo acuñado por Cervantes no século XVI “Terza Natureza” que daba nome a unha terceira realidade onde a fantasía e a realidade se encontran e fusionan, Tercia Realidad é unha utopía creada por Jorge Jiménez na que a música se remonta aos seus orixes como unha linguaxe para expresar emocións e sentimentos, así como unha fusión de personalidades, ideas e sons.

Abrazando un repertorio que abarca dende o século XIII á música contemporánea, Tercia Realidad actuou en festivais e ciclos de concertos tales como o Festival de Música Antiga en Stry Sacz (Polonia), “fabulous fringe” no festival de música Antiga de Utrecht, os “Baroque Days Akbank Gallery” en Istanbul (Turquía), Noites nos Xardíns do Real Alcázar en Sevilla, o Colexio dos Ingleses de Valladolid, o Bachfest Cochabamba (Bolivia), a tempada de música da Universidade de Bogazici en Istanbul (Turquía), o Festival de Música Sacra de Sagunto ou a Tempada de Música de Cámara do convento de Santa Clara en Sevilla.

Tercia Realidad está formado por algúns dos mellores cantantes e instrumentistas independentes de Europa que traballan regularmente con grupos como: Al Ayre Español, English Baroque Soloists, Academy of Ancient Music, La Petite Band, Orquesta Barroca de Sevilla, The King’s Consort, Freiburg Baroque Orchestra, Le Concert des Nations, Academia Bizantina, The Orchestra of The 18th Century, entre outros.

## JORGE JIMÉNEZ

A paixón de Jorge Jiménez polo violín e por facer música da mellor calidade levárono a dirixir e a liderar todo tipo de ensembles internacionais ao longo e ancho de Europa. Jorge é recoñecido polo seu enfoque profundo e excitante da música, interpretando cada época da historia da música no estilo e co



instrumentos para os que se escribiu, do medieval ao século XXI. Jorge toca un violín orixinal de 1780 construído en Barcelona para repertorio barroco e clásico temperán; unha copia dun violín Amati construído por Luís Fernández en Valladolid en 2006 para repertorio “moderno”, un violín anónimo francés de metade do século XIX montado por J. Loescher para repertorio clásico e romántico e unha *vielha* medieval construída por Owen Morse-Brown en 2009.

Jorge é fundador dos grupos Tercia Realidad (“un verdadeiro maná entre o ruído e o estrés do noso día a día”) e Xacona *ensemble* residente do Girton College Cambridge. Debutaron no Wigmore Hall de Londres en 2005 e recorreron cos seus concertos España, Holanda, Bélxica, Alemaña e Reino Unido. É invitado como primeiro violín de grupos como La Tempestad, The Retrospect Ensemble, The Scholars Baroque Ensemble e Solistas da Orquestra Barroca de Sevilla, entre outros.


Activo no campo da dirección foi director invitado e asistente da Orquestra do Teatro Nacional de Split, a Orquestra do Conservatorio de Dubrovnik, a Orquestra Nova do FeMAS e a Orquestra Nova da Rexión de Murcia.

Gravou para discográficas como Naxos, Hyperion, DLR-Capriccio, Lindoro, La Ma de Guido, Prometeo.

Con base no marabilloso triángulo que forman Londres, Barcelona e Sevilla, a súa carreira profesional desenvólvese en Inglaterra como membro do The King’s Consort e The Retrospect Ensemble, en España con Al Ayre Español e a Orquestra Barroca de Sevilla, en Alemaña como líder dos segundos violíns de Das Neue Orchester e tamén con L’Arte dil Mondo e en Bélxica con B’Rock. Tamén foi invitado a tocar con: The Leonhard Consort, Academy of Ancient Music, English Baroque Soloists, The Irish Baroque Orchestra, Orquestra Barroca de Mallorca, a Grande Chapelle, etc.

Nacido en Vilanova i la Geltrú, Jorge estudou violín no Conservatorio Superior de Música de Barcelona, o HvdK Constantijn Huygens en Zwolle e o Conservatorium van Amsterdam.

A carreira como violinista barroco de Jorge despegou no 2000 cando o fixeron membro da European Union Baroque Orchestra. Consecuentemente, outorgóuselle unha bolsa de estudos de 2 anos da Generalitat de Catalunya para estudar violín barroco con Lucy van Dael no Conservatorium van Amsterdam.




## JULIA DOYLE

Nacida e educada en Lancaster, tras finalizar os seus estudos de Ciencias Políticas e Sociais en Cambridge, traballou nos Estados Unidos como consultora de investigación no desenvolvemento lingüístico e musical infantil e a continuación, en Londres como Xestora Cultural antes de desenvolver a súa carreira como cantante. Dende entón actuou por todo o mundo con algúns dos conxuntos máis importantes de Europa e consagrándose rapidamente como unha reputada intérprete do repertorio barroco.

Destacan entre outras as súas interpretacións de *Scena di Berenice* de Haydn coa Orquestra Filharmónica da BBC dirixidos por Gianadrea Nosedo, o *Mesías* de Haendel no Royal Albert Hall coa Royal Philharmonic Orchestra, unha xira europea da *Paixón segundo San Xoán* de Bach xunto a John Eliot Gardiner, o *Exultate Jubilate* de Mozart e a *Misa Nelson* de Haydn na Cite de la Musique de París, un programa de Purcell, Blow e Locke con B'rock, e arias de Händel no King's Place coa Orchestra of the Age of Enlightenment, o concerto no Wigmore Hall con Xacona, e a xira polas Outer Hebrides, coa Scottish Chamber Orchestra.

Julia gravou recentemente o *Mesías* de Haendel (Stephen Layton/Britten Sinfonia) para Hyperion, o *Magnificat, BWV 191*, de Bach e o *Gloria* de Vivaldi (Greg Funfgeld / Bethlehem Bach Festival Orchestra), *Finzi In Terra Pax & Leighton Hymn to the Nativity* (Hilary Davan Wetton / Bournemouth Symphony Orchestra) e as *Vinte Panxoliñas Polacas de Lutoslawski* (BBC Symphony Orchestra/David Zinman) para Sony BMG, amplamente aclamados pola crítica.

Os seus compromisos futuros inclúen a interpretación da *Creación* de Haydn na Catedral de San Pablo coa Orchestra of the Age of Enlightenment, a *Paixón segundo San Xoán* de Bach no Bridgewater Hall xunto á Manchester Camerata e Nicholas Kraemer e no St John's Smith Square xunto a Stephen Layton, o *Oratorio de Nadal* xunto a John Butt e a Orchestra of the Age of Enlightenment no Queen Elizabeth Hall, e a *Paixón segundo San Mateo* co the King's Consort no Concertgebouw, o *Dixit Dominus* de Handel no Lufthansa Festival na Abadía de Westminster, arias de Handel coa Orquestra do Século das Luces no Beverley Minster e un recital de Purcell no Wigmore Hall co Ensemble Retrospect.



## MUSICK FOR MR. SHAKESPEARE'S PLAYS

Musick for Mr. Shakespeare's Plays trasládanos á Inglaterra do Bardo de Avon e a súa compañía de teatro The King's Men.

Grandes compositores como Henry Purcell e Matthew Locke estiveron estreitamente vinculados á produción teatral de William Shakespeare.

A música da ópera *The Tempest* de Locke está inspirada na obra homónima do bardo, estreada en 1611 no White Hall Palace. A versión operística foi estreada en 1674. A obra orixinal de Shakespeare foi revisada e adaptada como ópera por Thomas Shadwell e musicada por Matthew Locke. Esta foi a versión máis coñecida polo público ata que en 1838 reestreeou a comedia orixinal de William Shakespeare.

Matthew Locke foi un pioneiro no campo da teatralidade musical e, esta suite instrumental de *The Tempest*, unha peza única no seu xénero. É a primeira obra na historia da música na que o compositor indica explicitamente como quere que a súa obra sexa interpretada: indicacións de "soft" para pasaxes delicadas e rumorosas e "loud" para as pasaxes máis terroríficas e ameazantes.

As cancións de Henry Purcell da primeira parte, corresponden a textos de diversos autores, (incluído Shakespeare) que Purcell musicou maxistralmente. Estas "songs" eran moi populares na súa época e eran interpretadas nos intermedios ou como parte da música incidental das obras de teatro de autores como Shakespeare ou Richard Norton. Seguindo todas a estrutura recitativo-aria-recitativo, amosan o lado máis íntimo da produción Purcelliana.

*As danzas e melodías de Locke e as cancións de Purcell trasládannos á illa encantada da Tempestade de Shakespeare, reproducindo os perigos da tormenta e a quietude dos seus bosques e ribeiras.*

A ópera *The Fairy Queen (A Reina das Fadas)* de Henry Purcell estreouse en 1692 e está inspirada na obra de teatro de Shakespeare *A Midsummer's Night Dream (Soño dunha Noite de Verán)*. A música de Purcell e os textos de Shakespeare únense para recrear un mundo máxico cheo de misterio, noite e personaxes fantásticas. A escena comeza cunha procesión de cisnes máxicos que se deslizan lentamente polo río ao ritmo dunha marcha imperial, a continuación, unha ninfa falaranos de amor. A Noite e o Misterio tamén cantarán os seus desexos. Despois do amargo choro dos habitantes do bosque, Titania, a Raíña das Fadas e os seus súbditos reuniranse para celebrar o triunfo do amor nunha magnífica danza final.





Organiza



**Concello de Lugo**  
Concellería de Cultura, Turismo  
e Promoción da Língua

Colabora



Más información en [www.lugo.es](http://www.lugo.es)